

A D.O. Ribeira Sacra recibe o día 13 os premios da Cata dos Viños de Galicia

Entre o 26 e o 30 de outubro celebrouse a **XXXII edición da Cata dos Viños de Galicia** e as catas de augardentes e licores tradicionais de Galicia. Nun proceso de cata cega, 14 expertos encargáronse de valorar **348 mostras de viños tintos e brancos** pertencentes ás 5 Denominacións do Viño de Galicia.

A entrega de premios destas catas facíase nun acto conxunto de todas as Denominacións e dos augardentes e licores tradicionais de Galicia, pero nesta ocasión, aténdose aos protocolos para limitar a pandemia da Covid19, serán os **representantes da Consellería de Medio Rural** os que se trasladen ás diferentes Denominacións para a entrega de premios.

A cita na D.O. Ribeira Sacra será o **venres 13, ás 17.00 h. no Centro do Viño da Ribeira Sacra**. Xa o xoves, 19 de novembro, na Cidade da Cultura de Santiago darase a coñecer a identidade do mellor viño branco e do mellor viño tinto da nosa comunidade neste ano 2020.

Estas catas, promovidas pola Consellería do Medio Rural coa colaboración dos Consellos Reguladores, teñen por obxectivo identificar e premiar os mellores viños galegos, elaborados fundamentalmente con uvas de variedades autóctonas.